



Tino Seco, portavoz municipal do BNG, a concelleira, Carme Brage e o concelleiro, Miguel García.

O BNG reclama solucións inmediatas fronte á falta de planificación municipal

Un verán máis con problemas de auga en Ares

Rematou o verán e, unha vez máis, moitas familias sufriron cortes e baixa presión nos seus fogares. A **falta de planificación municipal** e a **desidia do alcalde** provoca que, mentres nalgúns zonas apenas houbo problemas, outras sufran restricións ou falta de abastecemento. A consecuencia é unha veciñanza tratada de xeito desigual, con fogares que dispoñen dun servizo básico e outros que padecen restricións ano tras ano.

O goberno local anuncia que as **obras non estarán listas até o ano 2027**, mais non toma medidas urxentes para garantir o abastecemento inmediato. A única resposta foi escribir desde a poltrona **bandos pedindo consumo responsable**, algo que non substitúe a necesaria **planificación municipal** nin a xestión dun servizo esencial, cousa que non parece estar na cabeza nin do alcalde nin do seu goberno.

Mentres concellos veciños como Fene ou Mugardos non sofren cortes —e mesmo pagan un 33 % menos pola auga—, en Ares seguimos cun **servizo deficiente e máis caro**.

Levamos o castigo dun alcalde e dun goberno **incapaces de garantir o subministro inmediato** e de adoptar actuacións que permitan evitar restricións nos meses críticos. O BNG demanda tamén **compensar ás familias afectadas**, con **reducións na factura da auga** que fagan xustiza cos fogares que sufriron os cortes.

A auga non é un servizo calquera: é esencial para a vida diaria e debe estar asegurada en condicións de igualdade para toda a cidadanía. O BNG, como **forza alternativa de goberno**, esixe ao Concello que **asuma as súas responsabilidades e non se agoche nos despachos, que xestione**.

O noso compromiso é claro: **comprometémonos** a traballar para que Ares conte cun abastecemento digno, cun servizo xusto e cunha **xestión responsable**. A veciñanza está farta de aturar a **desidia dun alcalde e dun goberno** que non corrixen os problemas mentres a cidadanía segue pagando as consecuencias.

Patrimonio municipal ao servizo da veciñanza, transparencia e sentido común

Nos últimos anos, o Concello de Ares dedicou unha parte importante dos seus recursos á **compra e conservación de inmóbeis**. Reitorais, casas históricas ou solares sen uso definido engádense á lista de propiedades municipais sen que, na maioría dos casos, exista un **proxecto claro que xustifique o investimento**.

A **Reitoral de Ares** ou o **Mosteiro de Santa Catalina** seguen sen un plan de aproveitamento definido. A chamada **“Casa da Virxe” de Chanteiro** utilízase unicamente para custodiar o rabaño municipal. E agora súmase a adquisición de **Villa Dolores**, en Cervás, coa idea inicial de crear un centro de interpretación arredor da figura do xurista Pérez Ardá. A realidade é que, mentres non haxa **proxectos concretos e sostíbeis**, estas compras tradúcense en **gastos de mantemento e rehabilitación** que recaen sobre os diñeiros públicos que saen das nosas carteiras sen un retorno social proporcional.

Os recursos públicos deben orientarse a proxectos con **rendibilidade social** clara: creación de espazos culturais accesíbeis, mellora de infraestruturas necesarias ou impulso de programas sociais que dean resposta ás necesidades reais da veciñanza. O patrimonio público non pode converterse nun escaparate de decisións arbitrarias nin nun lastre económico, senón nunha ferramenta para mellorar a vida diaria de todas e todos.

Cómpre lembrar que, por obra e irresponsabilidade do alcalde e do goberno municipal, o Concello de Ares arrastra unha **débeda superior aos catro millóns de euros** e que a presión fiscal que soportan as familias é das máis elevadas da provincia das comarcas do noroeste galego. Neste contexto, **sumar gastos millonarios en propiedades sen proxecto definido é irresponsábel**, porque resta recursos a servizos fundamentais.

O debate non é só sobre edificios: está en xogo o **modelo de xestión dos cartos públicos**. Cada euro debe estar ligado a un beneficio claro para a cidadanía. É hora de poñer o patrimonio municipal ao servizo da veciñanza, con planificación e transparencia, evitando que sexa un custo permanente sen retorno.



Tino Seco, portavoz municipal do BNG.

Aprobada a iniciativa do BNG para demandar melloras urxentes no transporte escolar



Tino Seco, portavoz municipal do BNG, o concelleiro, Miguel García, e a concelleira, Carme Brage

No pleno de agosto, aprobouse a moción presentada polo BNG que reclama á Xunta de Galiza melloras urxentes no transporte público que emprega a mocidade de Ares para asistir a Bacharelato e Formación Profesional en concellos veciños.

O BNG puxo enriba da mesa os principais problemas: **horarios que non se axustan aos centros** de Ferrol e Fene, **autobuses a Mugardos totalmente saturados e sen accesibilidade** axeitada, e a **ausencia dunha liña directa con Pontedeume**. O acordo plenario insta á Xunta a adaptar os horarios, reforzar as liñas e garantir condicións seguras e dignas para o alumnado.

Con esta iniciativa, o BNG de Ares reafirma que está a traballar por un concello con servizos públicos de calidade e por unha educación accesíbel e en igualdade de oportunidades para toda a mocidade.

Un verán caótico propiciado por un goberno ausente

Multas de aparcamento: a voracidade dunha recadación sen planificación

Nos últimos anos, Ares fíxose coñecido non só polo seu atractivo turístico, senón tamén polas numerosas multas de aparcamento. Moitas persoas visitantes –e mesmo veciñas doutros concellos– aseguran que non volven, cansas de sancións que a miúdo derivan do descoñecemento das normas ou da escasa información dispoñíbel. Estas queixas, repetidas en redes e medios, contribúen a crear unha imaxe negativa do municipio.

O problema de fondo é a falta de planificación. Mentres no verán se repiten cortes de auga, recollida de lixo insuficiente ou tráfico desordenado, mostras dun alcalde ausente e un goberno de recreo, a voracidade recadatoria é o que si funciona con eficacia: en 2024 recadouse metendo multas por máis de 800.000 euros o ano pasado. A pregunta é lóxica: que uso se fai deses recursos? Non vemos investimentos que melloren a vida diaria das veciñas e veciños nin medidas que permitan acoller visitantes sen que a localidade colapse.

O BNG demanda unha sinalización clara, un plan de mobilidade e aparcamento que reduza o caos estival e un uso transparente da recadación para mellorar servizos básicos. Ares pode ser un concello que combine turismo de calidade e benestar para a veciñanza, pero cómpre deixar atrás a voracidade recadatoria e apostar por unha xestión planificada e sostíbel.

Limpeza e mantemento de camiños: unha tarefa pendente

Este verán comprobouse de novo que moitos camiños e vías municipais non reciben o coidado necesario. A falta de limpeza non é só estética: afecta á seguridade de quen camiña e conduce.

Desde o BNG de Ares xa trasladamos á Deputación as deficiencias en estradas provinciais como a DP-0403, pero tamén é evidente que o goberno local non cumpre coa súa responsabilidade nos camiños municipais. A maleza acumúlase durante meses e só se actúa coincidindo coas festas parroquiais, o que revela falta de planificación e compromiso.

Os veciños e veciñas de Ares reclaman un plan anual de mantemento, actuacións regulares e unha xestión responsábel dos recursos municipais. Ares merece camiños seguros e en bo estado todo o ano, e desde o BNG seguiremos esixindo que o alcalde e o goberno municipal cumpran co seu deber.



Os concelleiros e a concelleira durante a súa visita ao aparcamento de Chanteiro

Sabías que...

...nas praias do Raso e Seselle (A Campa) desapareceron as rampas de acceso baixo a area pola falta de mantemento, deixando á **veciñanza sen accesibilidade**?

...ano tras ano, o Concello volve meter diñeiro no **aparcadoiro** da reitoral sen que a veciñanza saiba canto custou xa?

"RUEDA DEBE DIMITIR. CONTRA OS INCENDIOS FAI FALTA PREVENCIÓN E OUTRO MODELO RURAL E FORESTAL. GALIZA MERECE MÁIS QUE PROPAGANDA E MENTIRAS"

Ana Pontón, portavoz nacional do BNG

A crise dos incendios que vivimos este agosto marca un antes e un despois?

Foi unha auténtica catástrofe ambiental, social e económica. Estamos falando dos lumes máis grandes da nosa historia, con máis de 162.000 hectáreas calcinadas -segundo o satélite Copernicus-, miles de persoas desaloxadas, casas ardidadas, centos de explotacións gandadeiras afectadas. E si, penso que marca un antes e un despois. Algo así non se pode volver repetir, e a Xunta ten que asumir responsabilidades.

Vostede pediu a dimisión de Rueda.

Si, Rueda debe dimitir. Porque os nosos montes e as nosas casas non arden só porque haxa quen prende lumes. Arden porque non hai a prevención necesaria. Arden porque se fomenta o abandono do medio rural para facilitar proxectos extractivistas e depredadores, como Altri. Arden por unha política forestal fracasada. Arden pola incompetencia dun goberno que non foi capaz de anticiparse e atender ás recomendacións que desde hai anos fan diferentes expertos na materia. Un goberno cando se equivoca, cando falla de maneira ten estrepitosa, ten que asumir as súas responsabilidades e non botarlle a culpa aos demais.

O BNG agardou a que pasase o peor dos lumes para pedir responsabilidades políticas.

Claro, ten que ser así. Dixemos, desde o primeiro día, que primeiro había que apagar os lumes, estabilizar a situación e despois habería que falar de responsabilidades políticas. Mostramos o noso agradecemento e apoio aos servizos de extinción, á veciñanza, ás persoas voluntarias que deron o mellor de si. E cando a situación mellorou e se



controlou, esiximos responsabilidades. Porque os incendios deste verán non foron unha fatalidade inevitábel. Foron o resultado final dunha cadea de negligencias, de falta de prevención, de abandono do rural, de falta de medios, de planificación errónea e, dun goberno que nesta crise se viu desbordado e superado e que lle mentiu aos galegos e galegas.

Dixo vostede que Rueda só ofreceu propaganda e mentiras.

Tristemente é a mesma receita que o PP aplicou co Prestige, cos atentados do 11M, coa Dana de Valencia... Intentan derivar a responsabilidade a outros e tapar a súa incompetencia con mentiras. O papel da TVG e da Radio Galega foi especialmente nefasto, ocultando primeiro e sendo a televisión e a radio do PP despois. No mes de agosto vimos como Feijóo veu a Galiza, cos lumes máis grandes da nosa historia activos, para facer partidismo e politiquero contra o goberno central, e Rueda con el, os dous con chaleco para a televisión. Foi todo unha auténtica vergoña. Galiza merece máis que todo isto.

Esta crise debería marcar un cambio na política forestal?

Na política forestal e tamén no conxunto das políticas para o medio rural galego. Temos que facer unha reflexión profunda e cambiar o modelo que leva aplicando desde hai décadas o Partido Popular. O modelo do PP é un rural despoboado, no que non haxa actividade agrogandeira e no que a única actividade forestal que se promova sexa o monocultivo de pirófitas mal xestionadas. Iso, unido a unha biomasa descontrolada, fai que teñamos quilómetros e quilómetros de combustíbel continuo. O BNG aposta por un modelo diferente. Temos que garantir futuro, servizos e emprego no rural, facelo de novo produtivo, apostar por empresas ligadas ao territorio, promover a multifuncionalidade do monte...

Contacta co BNG!



Rúa dos Anxos 69 baixo, 15624 (Ares)



981 364 058



ares@bng.gal



@obloque



bng.gal



@obloque



@obloque

